



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XUÑO DE 2020

### LICENZAS

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/454/2019.-** Conceder licenza para a rehabilitación de 2 vivendas na rúa Belvís, 7.

**LIC/2159/2019.-** Conceder licenza para a construción de dúas vivendas unifamiliares pareadas nas parcelas situadas no lugar de Silvouta.

**LIC/459/2020.-** Conceder licenza para a execución de dúas vivendas unifamiliares pareadas nas parcelas situadas en lugar de Silvouta.

**LIC/2137/2019.-** Conceder licenza para a instalación dun ascensor no edificio situado na rúa García Prieto, 34 -36.

**6. Recoñecementos extraxudiciais de crédito.** Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito.

- Gastos por prestación do servizo de mantemento do aplicativo SICALWIN, desde o 12/04/2020 ata o 11/05/2020 e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 2.114,57 a favor de Aytos. Soluciones Informáticas SLU.
- Gastos por prestación do servizo de arranxo de teito na galería de escape do túnel do Hórreo, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 876,28 euros a favor de Kapsch Trafficom Transportation.
- Gastos por prestación do servizo de mantemento e conservación do sistema de control do túnel do Hórreo, correspondente ao mes de maio, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 42.738,49 euros a favor de Kapsch Trafficom Transportation.
- Gastos por prestación do servizo de reposición de mobiliario urbano (semáforos e bolardos) por accidentes de tráfico, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 5.018,69 euros a favor de Kapsch Trafficom Transportation

**7. Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais relativas á aprobación dos textos de diversos convenios de colaboración entre o concello e entidades de carácter social.** Apróbanse os seguintes convenios:

- Convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, por importe de 3.500 euros.
- Convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Galega para Axuda de Enfermos con Demencia tipo Alzheimer (AGAEDA), por importe de 3.000 euros.

- Convenio de colaboración para o ano 2020 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela, por importe de 10.000 euros.

**8. Proposta da concelleira delegada con competencias en Arquivo, relativa ao traslado e depósito ao arquivo universitario do inventario municipal de 1890.** Apróbbase o acordo de traslado e depósito ao Arquivo Universitario do Inventario Municipal de 1890.

**9. Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos e o procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do concello de Santiago de Compostela, para o curso 2020-2021.** Apróbanse os prazos de reserva de praza e o procedemento de admisión nos citados servizos. O prazo de presentación de solicitudes para a reserva de praza será entre o 30 de xuño e o 14 de xullo de 2020 (ambos os dous inclusive).

Tendo en conta o volume de posibles solicitantes, e ás restricións que poden derivarse da situación sanitaria, é probable que sexa necesario restrinxir o número de usuarios que poden facer uso do comedor, polo que se establecen uns criterios de admisión. En todo caso, terán a praza garantida o alumnado becado e preferencia as familias nas que traballen as persoas responsables legais do menor no horario de comedor ou no tránsito. No caso de que haxe máis solicitudes que prazas dispoñibles, poderase acordar o establecemento doutros criterios de admisión, incluído o sorteo.

As solicitudes, que se poden descargar da web municipal, pódense presentar:

- Por rexistro, de forma telemática en <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>
- Polo rexistro do concello de Santiago, pedindo cita previamente no teléfono 981 54 31 22

Para o curso 2020/2021 manteranse os mesmos presos públicos aprobados na Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2019. Son:

- Prezo do xantar /comensal/día: 4,50 euros (IVE engadido)
- Prezo do almorzo / comensal/ día: 1,94 euros /IVE engadido)

**10. Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude de subvención para o Plan Concertado de Servizos Sociais comunitarios específicos: Escolas Infantís Municipais. Anualidade 2020.** Apróbbase a proposta, co compromiso do concello a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento das escolas infantís de titularidade municipal de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Tendo en conta que a consignación inicial do orzamento 2020 para a xestión das Escolas Infantís Municipais é de 809.486,83 euros, e que a solicitude de financiamento á consellería de Políticas Sociais é do 70% do custe total, resulta que 566.640,78 euros serían a cargo da consellería; e 242.846,05 euros, o 30% restante, sería de achega municipal.

**11. Proposta da concelleira delegada da área de Mocidade relativa á aprobación do Campamento de verán de Surf en Oleiros e do Campamento de Astronomía en San Xoán de Río, durante os meses de xullo e agosto de 2020.** Acordase aprobar a realización dos dous campamentos, que terán un custe de 13.970 euros, e polos que se prevé un ingreso de 4.200 euros.

- Campamento de Verán de Surf en Oleiros, a realizar no período comprendido entre o 24 e o 31 de xullo de 2020. Destinado a mozas e mozas de entre 14 e 17 anos conta con 20 prazas. Establécese un prezo público por praza de 120 euros, que se reducirá a 100 no caso dun segundo irmán ou familia numerosa. O seu custe é de 7.920 euros e prevense recadar 2.400 euros.
- Campamento de Astronomía en San Xoán de Río, a realizar entre o 3 e o 7 de agosto. Destinado a mozas e mozas de entre 14 e 17 anos conta con 20 prazas.

Establécese un prezo público por praza de 90 euros, que se reducirá a 75 no caso dun segundo irmán ou familia numerosa. O seu custe é de 6.050 euros e prevense recadar 1.800 euros.

**12. Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local.** Dáse conta.

**13. Dar conta de sentenza xudicial.** Dáse conta do auto de suspensión de medidas cautelares relativas á solicitude de autorización preceptiva para o paso de camións de gran tonelaxe pola estrada rural que leva ao complexo medioambiental de Miramontes-Grixa.

## URXENCIAS

**1. Proposta relativa á aceptación da concesión de subvención da consellería de Economía, Emprego, e Industria, para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais, correspondente ao exercicio 2020.** Acórdase aceptar a subvención da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, por importe de 6.400 euros, para a contratación de dous/dúas socorristas, por un período de 2 meses, para as praias fluviais de Chaián e Illa do Refuxio. Segundo as estimacións do departamento de Persoal, o importante total das dúas contratacións ascende a 7.220,02 euros. A diferenza está previsto que a achegue o Concello.

**2. Proposta relativa á solicitude de transferencia finalista para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2020 no concello de Santiago de Compostela.** Apróbase a solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios básicos **por unha contía de 3.084.969,73 euros, sobre un orzamento total de 4.607.304,14 euros. De concederse tería unha achega municipal de 1.522.334,41 euros, que supón unha porcentaxe do 33,04% sobre o orzamento total do proxecto.** Esta cantidade destinaríase a:

- Persoal: 1.158.279,50 euros
- ao SAF (Servizo de Axuda no Fogar – 1.979.666,16 euros)
- e a programas de intervención social pola COVID19 1.469.358,48 euros.

Tamén se aproba o compromiso do concello de confianciar o mantemento e desenvolvemento deses servizos sociais comunitarios, e declárase, expresamente que ditos servizos seguen a prestarse cando menos, nas mesmas condicións que o ano anterior, salvo os programas de emerxencia social que houbo que deseñar e implementar por mor da alarma sociosanitaria, que supuxeron un orzamento engadido de 1.469.358,48 euros.

**3. Proposta de inicio da tramitación do expediente “Proposta de membros do Xurado do XIII Premio Internacional Compostela para Álbums ilustrados”.** Conforme ás bases, aprobase a proposta de elección de xurado.

- a. Presidente. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago e por delegación, Noa Díaz Varela, concelleira de Educación.
- b. Vogal. Pilar Sampedro Martínez, pedagoga e vicepresidenta de GALIX
- c. Vogal. Paz Gil Soto, xornalista e Premio librería Cultural 2013.
- d. Vogal. Xosé Cobas Gómez, pintor, deseñador gráfico e ilustrador.
- e. Vogal. Alberto Urdiales Valiente, doutor en Belas Artes pola UCM. Profesor de artes plásticas.